

ANTEPROXECTO
COMUNICADO Nº 333/23
11 DE DECEMBRO DE 2023

2024

REGULAMENTO XERAL CAMPIONATO DE GALICIA DE AUTOCROSS-RALLYCROSS 2024



FEDERACIÓN GALEGA DE
AUTOMOBILISMO

ARTIGO 1 DISPOSICIÓNS XERAIS-ORGANIZACIÓN

ARTIGO 2 PARTICIPANTES ADMITIDOS.

ARTIGO 3 VEHÍCULOS ADMITIDOS.

ARTIGO 4 INSCRICIÓNS, TROFEOS POR PROBA E PREMIOS FINAIS.

ARTIGO 5 CALENDARIO.

ARTIGO 6 PUNTUACIÓNS, CLASIFICACIÓN FINAL CAMPIONATO.

ARTIGO 7 RESULTADOS A RETER.

ARTIGO 8 EMPATES.

ARTIGO 9 REGULAMENTO PARTICULAR E COMPLEMENTOS.

ARTIGO 10 SEGUROS.

ARTIGO 11 DESIGNACIÓN DE NÚMEROS.

ARTIGO 12 DESENROLO DA PROBA.

ARTIGO 13 PROCEDEMENTO NO CASO DE INTERRUPCIÓN DA PROBA.

ARTIGO 14 OBRIGACIÓNS DOS PILOTOS DURANTE A PROBA.

ARTIGO 15 RECLAMACIÓNS E APELACIÓNS

ARTIGO 16 ACTAS E INFORMES DA PROBA.

ARTIGO 17 PREMIOS E TROFEOS FINAIS.

ARTIGO 18 RESUMEN DE PENALIZACIÓNS

ARTIGO 19 PALMARES.

Artigo 1 DISPOSICIÓNS XERAIS - ORGANIZACIÓN.

1.1. A Federación Galega de Automobilismo establece para o 2024 un CAMPIONATO DE GALICIA DE AUTO-CROSS-RALLYCROSS para condutores, e escuderías, que cumpran cos requisitos sinalados no ANEXO I:

Campionato de Galicia Clase I (-2000 c.c.) de estrita serie.

Criterium de Galicia Clase I para menores de 24 anos (inclusive) ata 1600 c.c.

Campionato de Galicia Clase II (de -1600 c.c. e de +1600 c.c.).

Campionato de Galicia Clase III (CARCROSS).

Campionato de Galicia Clase IV (GRUPO P).

Campionato de Galicia Clase V (JUNIOR CARCROSS)

Campionato de Galicia Clase VI (Super Buggy-Buggy 1600cc)

Campionato de Galicia Clase VII (Tracción Traseira)

Campionato Escuderías

1.2. Serán de aplicación por orde de prelación as seguintes normativas:

a) As Prescricións Comúns do Campionato de Galicia de Autocross.

b) O Presente Regulamento Deportivo e o Regulamento Técnico de Autocross.

c) O Regulamento Particular de cada proba.

d) Disposicións do C.D.I.

1.3. O Campionato de Galicia de Autocross resolverase baseándose nos resultados obtidos nas probas de

Autocross que figuran na relación de probas puntuables e por aplicación das normas deste Regulamento.

1.4. Serán puntuables as probas inscritas no calendario deportivo da F.G. de A.

1.5. Admítense circuítos de rallycross no Campionato de Galicia de Autocross-Rallycross.

Artigo 2 PARTICIPANTES ADMITIDOS.

Todos aqueles que cumpran cos requisitos sinalados no Anexo I.

Artigo 3 VEHÍCULOS ADMITIDOS.

As probas puntuables para este Campionato deberán admitir unicamente as participacións de vehículos comprendidos na División Iª, repartidos a súa vez nas seguintes clases de cilindrada, que a continuación se indican:

3.1. Clase I.

Vehículos de turismo, homologados e non homologados, ou con homologación caducada, cunha cilindrada ata 1.600 c.c., de estrita serie (agás da anulación do catalizador) e do vaciado do interior do vehículo coa salvedade do mantemento do cadro de reloxos e salpicadeiro do vehículo de orixe, sen crabox, sen autolocante, lamias de 14 pulgadas (máximo) e pneumáticos ata medida de 165/70 R14, amortiguadores de serie (V.O.) do fabricante, e co motor de caixa de fabricante, e conforme co Regulamento Técnico do Campionato de Galicia de Autocross 2024. Instalación de asento tipo baquet (homologado), cinto tipo arnés (homologado), de barras de seguridade (homologadas), volante de competición (homologado), así como da instalación de calquera equipo de extinción (tipo A, B) dos admitidos polo Anuario 2024. Os vehículos deben ser modelos pechados con teito ríxido e non convertibles calquera modificación ten que ser consultada, e autorizada ou rexeitada, por escrito á Comisión Técnica da Federación Galega de Automobilismo. Calquera cousa realizada no vehículo e non autorizada por escrito está prohibida. Instalación obrigatoria de calquera equipo de extinción (tipo A, B, ou C) dos admitidos polo Anuario 2024.

3.2. Clase II.

Vehículos de turismo, homologados e non homologados, ou con homologación caducada, cunha cilindrada de menos e de máis de 1.600 c.c. vehículos de tracción dianteira, sen límite de cilindrada, con crabox, con autolocante e co motor preparado, conformes co Regulamento Técnico do Campionato de Galicia de Autocross. Os vehículos deben ser modelos pechados con teito ríxido e non convertibles. Instalación obrigatoria de calquera equipo de extinción (tipo A, B) dos admitidos polo Anuario 2024.

3.3. Clase III. CARCROSS.

Vehículos monoprazas de motor traseiro, construídos e concibidos para a práctica do Autocross, de 2 rodas motrices-traseiras, e propulsados por motores atmosféricos, de catro cilindros e catro tempos, cunha cilindrada máxima de 600 c.c.

- FIA CrossCar • Dacordo ó Art. 279B do Anexo J ó CDI.

3.4. Clase IV. Grupo P.

- Supercrosscar (provintes de turismos), e 4x4 (libres, e prototipos). Os Supercrosscar, e os 4X4 non provintes das series dos fabricantes, terán que ser homologados pola Federación Galega de Automobilismo, para Autocross, Rallymix ou Montaña, e terán que posuír un pasaporte técnico obrigatorio. Os vehículos deberan- se presentar nas verificacións nun estado impecable de chapa e pintura, e cumprir-los pesos mínimos, de 900 quilogramos os Supercrosscar, e de 1000 quilogramos tódolos 4x4, provintes de serie, e de prototipos. Instalación obrigatoria de calquera equipo de extinción (tipo A, B, ou C) dos admitidos polo Anuario 2024.

- Vehículos de turismo, homologados e non homologados, ou con homologación caducada, de dúas (tracción traseira) ou catro rodas motrices, cunha cilindrada superior a 2.000 c.c., e inferior a 4.000 c.c., incluíndo os vehículos que dispoñan de sistema de sobrealimentación que estean conformes co Regulamento Técnico do Campionato de Galicia de Autocross, e con autorización expresa da Federación Galega de Automobilismo, previa solicitude razoada.

- Para vehículos con dous motores de moto, a cilindrada máxima será de 2.800.c. (Atmosféricos).

- Tamén serán admitidos os Vehículos da categoría E-1, construídos seguindo as especificacións dos Art. 282 e 283 do Anexo J e concibidos para a práctica do Autocross con catro rodas motrices e aspecto exterior dun vehículo de turismo de venda comercial nos concesionarios da Unión Europea.

CARACTERÍSTICAS:

a) A cilindrada máxima será, de 4.000 c.c., ben teña un ou dous motores de coche ou de moto.

b) Para vehículos equipados con dous motores de moto a súa cilindrada máxima total será de 4.000 c.c. c) En vehículos sobrealimentados, a cilindrada nominal multiplicarase polo factor corrector 1.7.

- Tamén serán admitidos os Vehículos da categoría E-2, construídos seguindo as especificacións dos Art. 282 e 283 do Anexo J e concibidos para a práctica do Autocross con dúas rodas motrices e aspecto exterior dun vehículo de turismo de venda comercial nos concesionarios da Unión Europea. Con motor de moto, de propulsión traseira e cilindrada máxima de 1.400 c.c. situado na parte posterior.

- Tamén serán admitidos os vehículos da categoría E-3.

- Os vehículos deben ser modelos pechados con teito ríxido non convertibles.

3.5. Clase V. Carcross Junior. **A categoría Junior Carcross está reservada a todos os pilotos cunha idade mínima entre os 13 anos cumpridos antes do inicio da tempada e 17 anos cumpridos ó longo tempada.** Vehículos monoprazas de motor traseiro, construídos e concibidos para a práctica do Autocross, de 2 rodas motrices-traseiras, e propulsados por motores atmosféricos, de catro cilindros e catro tempos, cunha cilindrada máxima de 600 c.c. según especificacións técnicas no regulamento técnico vixente

3.6. Clase VI. División III.

- Super Buggy. Dacordo ó Art. 279A do Anexo J do CDI.

- Buggy 1600. Dacordo ó Art. 279A do Anexo J do CDI.

3.7. Clase VII. Vehículos de turismo, homologados e non homologados, ou con homologación caducada, cunha cilindrada de menos 2.500 c.c. vehículos de tracción traseira. Os vehículos deben ser modelos pechados con teito ríxido e non convertibles. Instalación obrigatoria de calquera equipo de extinción (tipo A, B) dos admitidos polo Anuario 2024.

3.8. Os Comisarios Deportivos poderán, en calquera momento, non autoriza-la saída dun vehículo nunha proba, pola súa antigüidade, mal estado, modificacións non autorizadas ou calquera tipo de anomalía, que o seu criterio non cumpran coas medidas de seguridade esixidas.

3.9. Un mesmo vehículo non poderá inscribirse en dúas clases na mesma proba, nin ser utilizado por dous participantes.

3.10. Ningunha categoría será constituída de non haber 4 vehículos inscritos, coa súa inscrición e seguro abonado na proba na que pretendan participar a tódolos efectos. Con excepción da Clase V (Junior Carcross) que se será constituída independentemente do número de inscritos.

Artigo 4 INSCRICIÓNS, TROFEOS POR PROBA E PREMIOS FINAIS.

4.1. INSCRICIÓNS.

4.1.1. Establécense, para cada unha das probas puntuables, uns dereitos de inscrición de 105 €, aceptando a publicidade do organizador, e dereitos dobres non aceptando a publicidade do organizador.

4.1.2. Si nunha categoría houberse unha inscrición con menos de 4 participantes, cunha antelación de 3 días o organizador poderá comunicar a Federación a anulación da devandita modalidade. No caso de que o organizador decida non anular a clase, os resultados non se terán en conta para a clasificación final do Campionato, entendéndose a proba como non disputada.

4.1.3. O prazo de admisión de inscricións pecharase cinco días (luns) antes do inicio da proba. A data de publicación da lista de inscritos será tres días antes da proba.

4.1.4. As inscricións realizaranse obrigatoriamente a través da páxina web da F.G.A., co nome do piloto, nº transponder, escudería, asistencia, vehículo, categoría e número se ó ten asignado para á tempada, xunto co xustificante de pago.

4.1.5. Nunha mesma proba puntuable calquera piloto poderá participar en dúas Clases diferentes, sendo responsabilidade do piloto a compatibilidade do horario previsto.

4.1.6. O club organizador resérvase o dereito de rexeitar ou limitar a inscrición dun competidor debendo cumprir o establecido no CDI.

4.1.7. Os dereitos de inscrición serán reembolsados na súa totalidade a: 1.- Os competidores solicitantes na que a inscrición fose rexeitada (sen abono do seguro). 2.- No caso de que a proba non se celebre. 3.- En casos xustificados de forza maior acreditados aos Comisarios Deportivos.

4.2. PREMIOS POR PROBA.

4.2.1. A tenor dos resultados finais, dos Campionatos e Copas de Galicia de Autocross-Rallycross, concederanse os seguintes premios por proba: Trofeos os clasificados de todas as Clases.

4.2.2. É obrigatorio entregar unha coroa ó gañador da Clase I, II, III, IV, V, VI e VII. A entrega de trofeos poderase facer ó finalizala final de cada clase ó termo da proba. Os vehículos será obrigatorio levalos antes da Entrega de Premios o parque pechado.

4.2.3. PREMIOS EN METÁLICO:

.- Si saen ata 4 pilotos autorizados (Inclusive):		2.- Si saen dende 6 pilotos ata 9 pilotos autorizados (Inclusive):	
1º	Trofeo	1º	200€ e Trofeo
2º	Trofeo	2º	150€ e Trofeo
3º	Trofeo	3º	100€ e Trofeo
		450 €	
3.- Si saen dende 10 pilotos ata 13 pilotos autorizados (Inclusive):		4.- Si saen dende 14 pilotos ata 17 pilotos autorizados (Inclusive):	
1º	240€ e Trofeo	1º	300€ e Trofeo
2º	200€ e Trofeo	2º	250€ e Trofeo
3º	130€ e Trofeo	3º	150€ e Trofeo
4º	100 €	4º	100 €
670 €		5º	80 €
		880 €	
5.- Si saen dende 18 pilotos ata 24 pilotos autorizados (Inclusive):		6.- Si saen dende 25 pilotos ata 29 pilotos autorizados (Inclusive):	
1º	350€ e Trofeo	1º	425€ e Trofeo
2º	250€ e Trofeo	2º	325€ e Trofeo
3º	150€ e Trofeo	3º	225€ e Trofeo
4º	110 €	4º	175 €
5º	90 €	5º	120 €
6º	80 €	6º	100 €
7º	70 €	7º	90 €
1.110 €		8º	80 €
		1.540 €	
7.- Si saen mais de 30 pilotos autorizados (Inclusive):			
1º	500€ e Trofeo		
2º	400€ e Trofeo		
3º	300€ e Trofeo		
4º	250 €		
5º	200 €		
6º	150 €		
7º	120 €		
8º	100 €		
2.020 €			

Artigo 5 CALENDARIO CAMPIONATO DE GALICIA DE AUTOCROSS-RALLYCROSS.

DATA	PROBA	ESCUDERIA

Artigo 6 PUNTUACIÓNS, CLASIFICACIÓN FINAL CAMPIONATO.

6.1.1. Os puntos atribuídos a clasificación serán os seguintes:

Para a clasificación da Final A:

1º	2º	3	4º	5º	6º	7º	8º	9º	10º
24	21	18	16	15	14	13	12	11	10

.- Outorgaráselle un punto, a partir do 11, a todos os que finalicen a proba.

6.1.2 Para a clasificación de cada unha das clasificatorias:

1º	2º	3
3	2	1

6.1.3 Para o piloto que consiga o mellor tempo nos adestramentos oficiais (pole position):

1º
1

6.2. No caso de que non se disputen as finais A

Se se disputan algunha das mangas clasificatorias previstas o 50 % dos puntos da taboa do punto 6.1.1 do presente regulamento.

6.3. A puntuación que emitirá, no informe, o Observador da F.G. de A., será vinculante para as valoracións que a Federación realice da proba para os efectos que estime oportuno.

Artigo 7 RESULTADOS A RETER.

7.1. A clasificación final do Campionato Galego de Autocross-Rallycross será establecida entre aqueles pilotos que participasen nun número de probas igual á metade das probas celebradas máis unha.

7.2. Para a clasificación final, e sempre que se celebren 7 ou mais probas no total do campionato, reteranse e sumaranse os resultados de tódalas probas celebradas no calendario deste regulamento menos unha. En caso de que se celebren 6 probas, ou menos, reteranse os resultados de todas as probas celebradas. Se un participante non participa nunha proba a mesma poderase descontar para a clasificación final.

7.3. Os resultados obtidos como consecuencia da exclusión dunha proba, debe ser tomado en conta e non pode ser considerado como resultado nulo a efectos do artigo 7.1.

7.4. Ós efectos de clasificación de final do Campionato, o feito de toma-la saída considerarase como unha participación, e á vez como un resultado aínda que este sexa de cero puntos, por non finalizar a proba, tendo que pasalas administrativas, técnicas, e saír ós adestramentos oficiais.

Artigo 8 EMPATES.

8.1. Si na clasificación final varios participante tiveran igual número de puntos, teríase en conta os primeiros postos, os segundos postos, os terceiros, e así sucesivamente ata que se desfixera o citado empate.

8.2. De persistilo empate gañará o que fixera o primeiro mellor resultado.

Artigo 9 REGULAMENTO PARTICULAR E COMPLEMENTOS.

9.1. O Regulamento Particular de cada proba deberá axustarse ao modelo publicado pola Federación Galega de Automobilismo na web: www.fga.es, e deberá estar enteiramente conforme a tódalas condicións ditadas no presente Regulamento Deportivo.

9.2. O proxecto de regulamento particular achegarase á secretaría da F.G. de A., alomenos **70 días antes da data da proba.**

9.3. As disposicións do Regulamento Particular só poderán ser modificadas dacordo co estipulado no CDI.

9.4. Toda modificación ou disposición complementaria será comunicada por medio de complementos datados e numerados, con rexistro de entrada da F.G. de A.

9.5. Estes complementos serán expostos na Secretaría da proba, e no taboleiro oficial de avisos, tamén serán publicados na páxina web da Federación Galega de Automobilismo ou na da proba.

9.6. OFICIAIS. O Cadro de Oficiais de tódalas probas puntuables para os Campionatos de Galicia e como rexistro previo para a aprobación do seu Regulamento Particular, deberá constar como mínimo os que figuran nos Regulamentos Particulares tipo publicado na web da Federación, coa súa correspondente licenza en vigor, debendo figurar o seu número no Cadro de Oficiais. A F.G. de A. nomeará a un Comisario Deportivo (CD) para cada proba, de un máximo de 3, o cal exercerá como Presidente do Colexio de Comisarios Deportivos, e con cargo das dietas á Organización da proba. O resto dos oficiais da proba ten que ser aprobado no regulamento particular da proba aprobado Federación Galega de Automobilismo. A F.G. de A. poderá nomear un Comisario Técnico (JOC), se ó estimase oportuno.

9.7. OBSERVADOR F.G.A.

9.7.1. A F.G. de A. nomeará un Observador para as probas que se celebren no seu ámbito de competencia. Este Observador non terá función executiva algunha, pero se a supervisión total para emitir posterior informe vinculante á F.G. de A., tendo libre acceso a tódalas actuacións, tanto en dirección da carreira como de comisarios, cronometradores, clasificacións, etc.

9.7.2. O Observador da F.G. de A. deberá comprobar antes do comezo dos adestramentos, a existencia da póliza do seguro co recibo-transferencia de abono, tendo poder delegado pola F.G. de A. para suspender inmediatamente a proba no caso da non existencia da citada póliza, e abono da mesma.

9.7.3. O Observador da F.G. de A. recomendará, en materia de seguridade, ós organizadores, e participantes, para o bo desenrolo do evento deportivo.

Artigo 10 SEGUROS.

Será de aplicación o especificado no Art. 7 das Prescricións Comúns dos Campionatos e Copas de Galicia 2024.

Artigo 11 DESIGNACIÓN DE NÚMEROS.

11.1. Os dez mellores clasificados de cada clase outorgaráselle o número de dorsal segundo a súa clasificación na edición do Campionato de Galicia de Autocross 2023.

11.2. Nas Clases I, II, e IV Obrigatoriamente os números irán nas portas dianteiras, sobre fondo negro, enmarcado con borde branco e cifras en amarelo fluorescente, non podendo recortar nin fraccionar o número. Un terceiro número que irá no parabrisas lado esquerdo (Clases I, II, IV, e VII).

Medidas: Largo: 27 cmts.
Ancho: 27 cmts.



11.3. Na Clase III, V, VI e VII obrigatoriamente os números irán no teito na parte superior do vehículo, sobre fondo negro, enmarcado con borde branco e cifras en amarelo fluorescente, non podendo recortar nin fraccionar o número, e un terceiro número irá no fronte.

Medidas:


Largo: 24 cmts.

Ancho: 24 cmts.



11.4. Os números do parabrisas na Clase I, e V serán brancos, e na Clases II, III, IV, e VII serán amarelos de 14 cm. de alto.

Exemplo:



11.5. Recoméndase que as organizacións dispoñan dos números suficientes, a maiores, para poñer nos vehículos de carcros e turismos.

11.6. A perda dun número de competición, poderá ser motivo de exclusión se non se pode identificar ben o vehículo, e sempre a criterio dos Comisarios Deportivos.

11.7. Para pilotos que non se clasificasen na edición anterior, daráselle o número debendo cada piloto repoñer ditos números no caso de ter que substituílo por arranxos de chapa ou outras razóns, pintando igual ó que se lle entregou, se non, penalizaráselle coa exclusión polos Comisarios Deportivos da proba.

Artigo 12 DESENROLO DA PROBA.

12.1. VERIFICACIÓNS TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS.

12.1.1. Tódolos equipos deberán presentarse ao completo co seu vehículo ás verificacións técnicas e/ou administrativas-entrega de documentación.

12.1.2. Establecerase un horario tipo segundo o regulamento particular da cada proba.

12.1.3. Será obrigatorio presentar nas verificacións, as licenzas de piloto, e de escudería, requisitos obrigatorios para a súa admisión.

12.1.4. Todo competidor que se presente con atraso ás verificacións por causas de forza maior (así entendidas polos Comisarios Deportivos e sempre que o competidor ou o piloto puidese xustificar plenamente a existencia da devandita causa e que o atraso se haxa avisado antes do peche das verificacións), poderá ser verificado ata 30 minutos despois da súa hora asignada, segundo o horario previsto para a súa verificación. Neste caso será penalizado cunha multa de 100€, que será remitida integramente a Federación Galega de Automobilismo. Pasado devandito prazo non será autorizado a tómalala saída.

12.1.5. Non se admitirá a tomar a saída a aquel vehículo que non estea conforme con artigo 3 do presente Regulamento Deportivo, e co Regulamento Técnico do Campionato de Galicia de Autocross.

12.1.6. Todos os equipos deberán someterse ás verificacións técnicas requiridas durante a celebración da proba.

12.1.7. En tódalas probas do Campionato de Galicia realizaranse verificacións sobre a pesada dos vehículos, a proposta dos Comisarios Deportivos ou do Observador da Federación Galega de Automobilismo. No Regulamento Particular deberá especificarse o espazo para a localización da báscula. En todo caso esta localización poderá variarse por acordo do Colexio de Comisarios Deportivos.

Pesos mínimos: Condicións de pesaxe: Sen condutor a bordo, depósito de combustible vacío. Co aceite motor e líquido de refrixeración a nivel, depósito do limpiaparabrisas vacío. Queda terminantemente prohibido lastrar os vehículos, con chumbo, ou con calquera outro elemento que poida mermala seguridade do piloto.

Clase I:

Ata 1400 c.c.	800 kg.
Ata 1600 c.c.	860 kg.
ATA 2000 c.c.	_____ kg

Clase II:

De 1400 c.c. ata 1600 c.c.	860 kg.
De 1600 c.c. ata 2000 c.c.	920 kg.
Máis de 2001 c.c.	980 kg.

Clase III: CARCROSS 310 kg.

Clase IV:

-SCC:

Ata 1000 c.c.	480 kg.
Ata 1500 c.c.	600 kg.

- SCC 4x4:

	1 motor	2 motores
Ata 1600 c.c.	580 kg.	780 kg.
Ata 2000 c.c.	700 kg.	900 kg.
Ata 3000 c.c. ou mais	750 kg.	950 kg.

- TURISMOS:

Traseira:	1.100 kg.
4x4:	1.200 kg.

Vehículos sen homologación 1000 kg. (FIA, FGA, RFEDA).

O peso mínimo será o establecido no regulamento aplicable segundo o grupo do vehículo (Anexo J).

12.1.8. A zona habilitada para realizarse a Verificacións Técnicas debe estar operativa desde o inicio da proba.

12.1.9. Como norma xeral, as infraccións de carácter técnico cometidas levarán consigo a anulación dos tempos conseguidos nos adestramentos, a exclusión da clasificatoria ou Final correspondente podendo chegar á exclusión da proba.

12.2. BRIEFING. O organizador deberá prever un briefing a realizar despois das verificacións e antes dos adestramentos oficiais. O Director da Carreira reunirá ós participantes co fin de impartilas normas de condución, e observacións pertinentes. Deberán asistir tódolos pilotos inscritos na proba obrigatoriamente, e con control de asinamento, **so pena de exclusión dos adestramentos libres e oficiais.**

12.3. CRONOMETRAXE.

12.3.1. O cronometraxe, grellas de saída, e contavoltas, será levado a cabo exclusivamente polo equipo oficial da Federación Galega de Automobilismo, no microbús habilitado ó efecto.

12.3.2. A toma de tempos iniciarase no instante de darse a saída polo Director de Carreira.

12.3.3. Calquera sistema de telemetría está prohibido.

12.3.3.1. Radio. Todo sistema de radiocomunicación entre o condutor na pista e calquera outra entidade ou persoa está prohibido.

12.3.3.2. Infórmase, que na tempada 2024, será obrigatorio o transponder, modelos TRANS X260 DP, nas modalidades de Autocross nos Campionatos de Galicia da especialidade; sendo o cronometraxe oficial, co programa "Circuit Pro", fixado con remaches ou parafusos por diante do eixo dianteiro do vehículo a unha altura máxima de 60 cm con respecto á pista e como máximo a 60 cm. do bordo dianteiro do vehículo sen ningún material metálico ou de fibra de carbono entre o transponder e a pista. **Advertencia: Todo piloto que tivera o transpondedor defectuoso, en adestramentos, en carreira, sen instalar, mal instalado, ou sen cargala batería, non saíra na clasificación (baixo a súa exclusiva responsabilidade), o Director da Proba terá que ensinarlle a sinal de problemas mecánicos e deberá abandonala manga.**

Todo piloto que tivera o transpondedor defectuoso, sen instalar, mal instalado, ou sen cargala batería, nas sesións de adestramentos oficiais saíra na clasificación co peor tempo da súa clase mais 2 segundos. Se esta situación se dese nas series das mangas clasificatorias, nas finais B ou nas finais de carreira, o piloto será clasificado segundo a súa posición final. No caso de un fallo de transponder o piloto será advertido. No caso de un segundo e sucesivos fallos, o piloto será clasificado nas series das mangas clasificatorias, nas finais B ou nas finais de carreira segundo a súa posición final mais 3 postos. Para o computo de segundos e posteriores fallos de transponder teranse en conta os fallos dos adestramentos oficiais.

12.3.4. As quendas de adestramentos cronometraranse, volta a volta, para cada participante, e o mellor dos tempos obtidos servirá para tomar posición na grella da clasificatoria. No caso de empate entre dous ou mais vehículos no tempo da volta rápida, tomarase como método de desempate, a segunda volta rápida, e así sucesivamente.

12.3.5. Si un vehículo volteia na manga de adestramentos valeralle o tempo realizado na volta anterior, non podendo continuar para rebaixa-lo obtido.

12.3.6. A carreira darase por finalizada unha vez cumpridas as voltas estipuladas no Regulamento Particular, dando o Director de Carreira a bandeira a cadros a todo participante que pase a liña de meta. Non e necesario cruzar meta para clasificarse, se dous ou mais vehículos quedan parados na pista no transcurso da carreira, e na mesma volta, a efectos de clasificación terase en conta ó orde de paso da última volta pola liña de meta, se isto ocorre na primeira volta, teríamos en conta o lugar que ocupasen na grella de saída.

12.4. PREGRELLAS. As pregrellas de saída serán consideradas para tódolos efectos como parque pechado, exceptuando o caso de que un piloto constáteselle algunha insuficiencia regulamentaria en aspectos de seguridade, neste caso, e previa autorización expresa do Director de Carreira, requiriráselle que emende dita anomalía sen posibilidade de actuar sobre ningún outro elemento do vehículo. Esta circunstancia non suporá, en ningún caso, o atraso na incorporación á grella de saída no momento establecido. **Igualmente aplicaranse a excepcións**

marcadas no Art. 12.5.4 do presente regulamento. En calquera dos casos esto suporá que o piloto deberá tomar a saída dende o último lugar da grella.

12.5. GRELLAS.

12.5.1. As grellas de saída terán unha composición de 3-2- 3-2, a separación entre vehículos será de 6 a 8 m entre cada liña. Non se poden colocar en paralelo no sentido lonxitudinal os vehículos.

12.5.2. Os participantes estarán na liña de presaída, trala saída da manga anterior, e de non presentarse en tempo, trala finalización da manga anterior quedaran excluídos, e o seu posto na grella non será ocupado.

12.5.3. En tódalas Grellas de Saída das clasificatorias, e finais, o piloto mellor clasificado escollerá a "Pole position". O clasificado no segundo lugar, poderá escoller unha das dúas prazas restantes. Nunca será posible cambiar de fila. No caso de que un piloto con dereito a escoller posición non se presente ó seu debido momento na grella, perderá ese dereito, debéndose situar no lugar que quede dispoñible. Isto será válido só para a primeira liña: o resto da grella colocárase coa "pole" no lado da primeira curva.

12.5.4. As grellas de saída serán consideradas como parque pechado.

Excepcións:

- No caso de avaría estando colocado en grella de saída, non se poderá facer ningunha reparación no vehículo que atrase a proba, e o seu posto quedará libre (agás cambiar unha roda), con permiso do Director de Carreira.

- No caso que un piloto situado na súa posición na grella de saída, non poida poñer en marcha o seu vehículo polos seus propios medios, os Oficiais estarán autorizados a empuxarlle. Unha vez estea en disposición de tomar a saída, o piloto deberá situarse no último lugar da grella. No caso que o vehículo non poida poñerse en marcha, o vehículo será retirado da grella e conducido á súa zona de Parque de Traballo.

- No caso que un piloto, situado na súa posición na grella de saída, sobrevéñalle unha avaría, este deberá indicalo aos Oficiais de Grella, que á súa vez o comunicarán ao Director de Carreira, o cal concederá 3 minutos para poder solucionar o problema. Unha vez resolto o mesmo o piloto deberá tomar a saída desde o último lugar da grella. No caso que non poida solucionarse o problema, o vehículo non estará autorizado a tomar a saída e deberá ser conducido ao Parque de Traballo.

12.5.5. Se un piloto colocado na grella de saída nos adestramentos oficiais non puidera tomar a saída antes de que o primeiro vehículo chegue o penúltimo posto de control antes de liña de meta non poderá tomar a saída.

12.5.6. No caso de que algún piloto non se puidera presentar, na grella de saída na Final B, os vehículos reservas sucesivos se colocarán no derradeiro lugar da grella, non se deixaran espazos libres.

12.5.7. No caso de que un piloto situado na grella de saída das mangas clasificatorias, Finais B ou Finais A, e unha vez apagado o semáforo de saída terá 15 segundos para arrancar. Se neses 15 segundos non inicia a marcha non poderá saír a pista e deberá poñerse as ordes dos comisarios e retirarse para os boxes.

12.5.8. As grellas formaranse, da seguinte forma:

- Adestramentos: por clasificación no Campionato (1ª proba por clasificación do ano anterior), e as seguintes según a derradeira publicación do Campionato 2024.

- Mangas clasificatorias:

A 1ª manga clasificatoria colocárase polos tempos obtidos nos adestramentos na orde de menor a maior. A 2ª manga clasificatoria colocárase segundo a clasificación da 1ª manga clasificatoria.

- Final: Formárase segundo a suma da clasificación combinada da 1ª manga clasificatoria e da 2ª manga clasificatoria.

12.6. SAÍDAS.

12.6.1. As saídas daranse a vehículo parado, motor en marcha.

12.6.2. Nos adestramentos darase a saída individualmente por medio dunha bandeira.

12.6.3. Nas clasificatorias e finais a luz vermella debe permanecer acesa entre 1 e 4 segundos antes de apagarse.


12.6.4. No transcurso da proba actuarán XUÍCES DE FEITOS para xulgar as saídas falsas, as penalizacións, e as condutas antideportivas.

12.6.5. Antes de inicialo procedemento de saída coa pancarta de 20 segundos, mostrarase unha bandeira verde a tódolos pilotos indicando que se está a piques de empezala carreira. Preferiblemente mostrarase a bandeira desde unha esquina por diante de a primeira liña de saída, procurando que sexa completamente visible para tódolos Pilotos.

12.6.6. As saídas anunciaranse 20 segundos antes cunha pancarta en cuxo interior figure unha inscrición de 20 seg., indicativos, do tempo aproximado que falta para toma-la saída. 5 segundos antes mostrarase outra pancarta coa inscrición 5 seg.

12.6.7. A saída das Clasificatorias, e Finais, darase mediante semáforo. A saída será o instante no que se apague a luz vermella, despois de ensinar a pancarta de 5 seg.

12.6.8. Haberá saída falsa para todo vehículo que abandone a posición que lle estaba asignada, antes de apagarse a luz vermella. Neste caso o piloto infractor será advertido, da súa acción, mediante a presentación dunha pancarta cunha F, e o seu número na pizarra. Si esta infracción se produce nunha Clasificatoria ou Final non se parará a carreira, e o piloto será penalizado con 30 segundos, o cal se sumará ós obtidos na clasificación. Si a saída falsa é con excesiva antelación manifesta, a penalización será de exclusión polos Comisarios Deportivos. O deseño da pancarta de sinalización do aviso de saída, será o seguinte:



(Poderase utilizar o anverso e o reverso da mesma para as dúas lecturas).

12.7. SESION ADESTRAMENTOS LIBRES.

12.7.1 Realizaranse series de adestramentos libres formados por series de máximo 12 vehículos. A serie darase por finalizada no momento que calquera vehículo da mesma completase as 6 voltas sobre a pista e cruce a meta.

12.7.2 Para a formación de grella das series de adestramentos libres aplicarase o mesmo criterio que o usado para formación dos adestramentos oficiais (Art. 12.5.8 do presente regulamento).

12.7.3 Os vehículos farán adestramentos separados por clases.

12.7.4 Estas sesións de adestramentos libres poderanse anular pola Dirección de carreira por causas de forza maior.

12.8. ADESTRAMENTOS OFICIAIS.

12.8.1. Cada serie de adestramento terá un mínimo de 5, e un máximo de 12 vehículos na grella á vez. Clasificaranse para as clasificatorias os 45 mellores tempos de Adestramentos.

12.8.2. Os vehículos farán adestramentos separados por clases.

12.8.3. Tódolos pilotos autorizados a tomala saída, deberán participar como mínimo nos adestramentos oficiais.

12.8.4. A serie de adestramentos darase por finalizada no momento que calquera vehículo da mesma completase as 6 voltas sobre a pista e cruce a meta.

12.8.5. Os Comisarios Deportivos, poderán eximir, da realización dos adestramentos oficiais a algún participante, por causa xustificadas de forza maior que lle impidan a realización dos mesmos, ocupando o último lugar na grella que se forme, sempre e cando houber sitio para el.

12.8.6. Se nos adestramentos un coche voltea, e é axudado polo público, ou por oficiais de pista debidamente acreditados, considerase retirado a tódolos efectos.

12.8.7. Non se pode parar na pista de adestramentos, se non existe avaría. Si un vehículo rompese antes de finalizala 1ª volta de adestramentos, este sairá de último na clasificatoria.

12.8.8. Á vista dos tempos realizados na volta rápida dos adestramentos confeccionarase unha lista de cada clase, constituída na orde de menor a maior tempo realizado.

12.9. MANGAS CLASIFICATORIAS. Disputaranse dúas mangas clasificatorias:

A grella de 1ª clasificatoria confeccionarase segundo os tempos da mellor volta obtidos nos adestramentos oficiais de menor a maior.

En cada serie da primeira manga clasificatoria clasificaranse os pilotos pola posición conseguida e outorgaráselle o primeiro clasificado 1 punto, o segundo clasificado 2 puntos, o terceiro clasificado 3 puntos, e así sucesivamente. No caso de que varios pilotos empaten a puntos estes desempatarán polo mellor tempo dos adestramentos oficiais.

A grella da 2ª manga clasificatoria confeccionarase ca clasificación da 1ª primeira Clasificatoria ordenando de menor a maior puntuación. En caso de empate a puntos desempatarase polo mellor tempo obtido nos adestramentos oficiais. En cada serie da segunda clasificatoria clasificaranse os pilotos pola posición conseguida e outorgaráselle o primeiro clasificado 1 punto, o segundo clasificado 2 puntos, o terceiro clasificado 3 puntos, e así sucesivamente.

No caso de ter que constituír dúas ou mais series en cada manga clasificatoria (mais de 15 vehículos) terase en conta que dous ou mais vehículos consecutivos da clasificación dos adestramentos oficiais non coincidan na mesma serie da 1ª manga clasificatoria. E que dous ou mais vehículos consecutivos clasificados na 1ª manga clasificatoria non coincidan na mesma serie de 2ª manga clasificatoria. As mangas clasificatorias disputaranse a 6 voltas.

12.9.1. Se hai 15 ou menos vehículos autorizados. Realizarase unha soa serie por manga clasificatoria.

12.9.2. Se hai de 16 a 30 vehículos autorizados. Realizaranse dúas series por manga clasificatoria.

12.9.3. Se hai de 31 a 45 vehículos autorizados. Realizaranse tres series por manga clasificatoria.

12.10. FINAL B: Disputarase a 6 voltas. Se non houberse un mínimo de 20 vehículos autorizados por clase non haberá Final B (e mínimo de 6 na grella de saída) para poder celebrala. De non disputarse a Final B, os pilotos reservas deberán presentarse, á grella da final, si faltase algún piloto (o seu posto na grella será ocupado), o equipo que non se presente no seu lugar a tempo, pasará a ser último, contando os reservas. Completarase a grella con reservas ata 15 participantes.

12.11. FINAL A. A final realizarase a un mínimo de 8 voltas, e un máximo de 12 voltas (por causa de forza maior, por luminosidade, nese caso e por acordo do Colexio de Comisarios Deportivos pódese facer as finais a 5 voltas). O número máximo de vehículos clasificados será de 15.

12.11.1. Clasificados para a Final A:

-Se hai unha soa serie na manga clasificatoria, clasificaranse tódolos vehículos.

-Se hai dúas series en cada manga clasificatoria, sen FINAL B, clasificaranse os 15 mellores postos da Clasificatoria combinada. Con FINAL B clasificaranse os 13 mellores postos da clasificación combinada, mais os dous mellores postos da FINAL B.

- Se hai tres series en cada manga clasificatorias, clasificaranse os 13 mellores postos da clasificación combinada, e os dous mellores da Final B.

12.11.2. Os vehículos deberán dar entón unha volta de desaceleración ata a entrada no parque pechado.

12.12. REGADURA DA PISTA. O organizador deberá prever un sistema de rego eficaz, antes de empeza-la proba, dispoñendo como mínimo de 30.000 litros de auga e con medios mecánicos suficientes (2 cubas). O horario de regadura, así como a súa cantidade, queda a criterio e responsabilidade do Director de Carreira. Recoméndase efectuar un regadío previo o día anterior á proba.

12.13. PARQUE PECHADO.

12.13.1. A proba non termina ata entrar no parque pechado, e na volta de deceleración non se poderá sacar o casco, cintos, abri-la porta, nin montar neguen no vehículo obrigatoriamente ata estar dentro do parque. (No caso contrario quedaría descalificado). Os vehículos avariados irán ó parque pechado.

12.13.2. Ata despois da publicación oficial dos resultados definitivos, non se poderá sacar o vehículo do parque pechado, o levantamento do parque decídono os Comisarios Deportivos, desde a publicación oficiosa haberá 30 minutos para atendela posibles reclamacións.

12.13.3. Para retira-lo vehículo do parque pechado, será obrigatorio que sexa conducido, ben polo piloto, ou por un mecánico con licenza de Asistencia en vigor expedida pola F.G.A.

12.13.4. O piloto será o único responsable do traslado do vehículo ó parque pechado e calquera infracción ás normas do parque pechado poderá chegar á EXCLUSIÓN do piloto.

12.14 COMUNICACIÓN DE ABANDONO DA PROBA.

O piloto que abandone a proba deberá comunicar o abandono por escrito e entregarllo o relacións cos participantes , e este dará traslado o Director de Carreira.

Artigo 13 PROCEDEMENTO NO CASO DE INTERRUPCIÓN DA PROBA.

Caso A: Se o primeiro participante non completou dous pasos por meta, repetirase a saída tomando como referencia a orde inicial á que se aplicarán as penalizacións puidera haber. Non entrarán máis pilotos e os postos que non se presenten a nova saída quedarán libres. O participante ou participantes causantes da interrupción da proba sairán nas últimas posicións da grella de saída.

Caso B: Se o primeiro participante completou dúas voltas pero non completou mais do 60% da carreira, dáse unha nova saída coa orde do último paso pola liña de meta, a clasificación da segunda saída será a que se terá en conta para a clasificación da manga clasificatoria, Final B ou Final A. O participante ou participantes causantes da interrupción da proba (bandeira vermella) sairán nas últimas posicións da grella de saída.

Caso C: Se o primeiro participante completou o 60% da carreira, darase esta por finalizada, confeccionando a clasificación polo derradeiro paso pola liña de meta.

Nos casos A e B poderán volver a incorporarse todos os participantes da grella inicial que volvan polos seus propios medios. Non poderán volver a grella de saída todos os participantes que recibiran axuda por medios mecánicos (vehículos de rescate, grúas, plataformas,...).

Nos casos A e B, e a estrito criterio do Director de Carreira, poderase dar saída a grella que está formada na zona de pregrella, e disputar a serie afectada pola bandeira vermella no momento que estime mais conveniente para o desenrolo do horario da proba.

Artigo 14 OBRIGACIÓNS DOS PILOTOS DURANTE A PROBA.

14.1. Os vehículos deberanse mover polos seus propios medios, quedando polo tanto prohibido empuxar o vehículo no circuíto, so pena de exclusión da proba.

14.2. Os participantes teñen que informar ó Director de Carreira, mediante escrito-formulario presentado ó relación cos participantes, ou o Xefe de Boxes, de que non van tomar parte nunha manga ou no resto da proba, non facelo poderá supoñer a exclusión da proba.

14.3. Estará prohibido, baixo pena de exclusión, conducir en sentido inverso ó da carreira, co traslado ó Tribunal Galego de Apelación. Só se permitirá mover un vehículo en dito sentido para retiralo dunha situación perigosa e ilo baixo a vixilancia dun oficial de proba.

14.4. Cortar o paso intencionadamente, a outro participante, ou calquera manobra de condución antideportiva será penalizado coa exclusión e traslado ó Tribunal Galego de Apelación.

14.5. No caso de que un vehículo se saia da pista, os oficiais poderán prestar axuda ó piloto empuxando o seu vehículo para sacalo dunha situación perigosa, coa condición de que este desprazamento se límite a evacuación do vehículo da pista, e se continua en carreira será descalificado.

14.6. Queda prohibido ó piloto recibir axuda de terceiros, baixo pena de exclusión.

14.7. Os pilotos deberán mantelo cristal pechado durante a proba.

14.8. Queda terminantemente prohibido circular dentro da zona de parque de traballo a unha velocidade excesiva a criterio do Xefe de Parque, así como realizar probas de vehículos en calquera zona do recinto do circuíto, a excepción que o organizador prevexa un espazo a tal fin, feito que deberá figurar no Regulamento Particular. As infraccións a este artigo serán penalizadas a exclusivo criterio dos Comisarios Deportivos.

14.9. Cando un vehículo voltee (en adestramentos, ou nas mangas finais, os comisarios deberán volvelo a súa posición primitiva, e retiralo da pista).

14.10. No caso de avaría, deberán os condutores sitúa-lo seu vehículo fora da pista de maneira que a súa presenza non constitúa un obstáculo ou perigo para o resto dos participantes, debendo abandonar o mesmo, será obrigatorio co piloto antes de abandonalo vehículo ten que accionalo cortacorrientes.

14.11. Queda terminantemente prohibido pararse a menos de 100 m. da liña de meta, so pena de penalización o descalificación, e traslado ó Tribunal Galego de Apelación.

14.12. Na parte final da grella de saída deberán situarse unhas sinais (conos). Ningún piloto poderá variar a súa traxectoria na grella saída ata rebasar as ditas sinais, salvo para evitar unha situación manifesta de perigo para el ou o resto dos participantes.

14.13. Toda acción de enchido de gasolina, ou aceite, no circuíto, estará prohibida baixo pena de exclusión.

14.14. Todo piloto que non se presente ante un requirimento do Colexio de Comisarios Deportivos, será excluído da proba. As notificacións de citación ós pilotos serán por escrito mediante o Relación cos Participantes e irán por duplicado. Unha das copias será devolta ós Comisarios Deportivos asinada polo piloto dando así por entendido o coñecemento da citación.

14.15. A sinalización efectuarase mediante o Código de bandeiras descrito no Anexo "H" do C.D.I. BANDEIRA VERMELLA: Presentada inmóbil, polo Director de Carreira, indica a tódolos pilotos que deben cesar inmediatamente de correr. Esta bandeira é obrigatoria en tódolos postos de control.

BANDEIRA NEGRA: Presentada polo Director de Carreira, cunha pizarra cun número anotado, o piloto do vehículo, do número indicado, deberase deter no parque no seguinte paso polo mesmo, so pena de exclusión. BANDEIRA BRANCA, E NEGRA DIVIDIDA MEDIANTE UNHA DIAGONAL EN DÚAS METADES: Presentada polo Director de Carreira, cunha pizarra cun número anotado, constitúe un aviso por conduta non deportiva ó piloto do vehículo do número indicado, so pena de penalización.

BANDEIRA NEGRA CON DISCO LARANXA: Informa ó piloto do vehículo do número anotado que o seu vehículo ten problemas mecánicos susceptibles de constituír un perigo para o mesmo, ou para os demais pilotos, e que deberase parar no parque de traballo no próximo paso polo mesmo.

BANDEIRA AMARELA: Perigo. Cando se mostre bandeira amarela estará prohibido facer adiantamentos, desde que se mostre, ata rebasa-lo obstáculo, so pena de exclusión da manga onde se produza.

BANDEIRA VERDE: Pista libre.

BANDEIRA AZUL: Debe deixar paso ó vehículo que lle sigue e intentar adiantalo. O significado destas bandeiras está explicado máis amplamente no Anexo "H" do C.D.I.

Artigo 15 RECLAMACIÓNS E APELACIÓNS.

15.1. Toda reclamación deberá presentarse de acordo co estipulado no Anuario da F.G. de A. e no CDI.

15.2. Toda reclamación deberá ser presentada por escrito e remitida ao Director de carreira, achegando o importe regulamentado nas Prescricións Comúns para os Campionatos e Copas de Galicia, no Artigo 16, que non será devolto se a reclamación é considerada inxustificada.

15.3. Se a reclamación esixise o desmonte e montaxe de diferentes partes do vehículo, o reclamante depositará unha fianza complementaria dacordo co Artigo 16 das Prescricións Comúns para os Campionatos e Copas de Galicia.

15.4. Toda negativa de un competidor para someterse a as verificacións comportará a súa inmediata EXCLUSIÓN da proba, ademais de informar ao Tribunal Galego de Apelación para a adopción doutras medidas disciplinarias se así se considerase oportuno.

15.5. Os competidores teñen o dereito de apelación segundo o establecido no C.D.I. a caución establécese segundo o regulamentado nas Prescricións Comúns para os Campionatos e Copas de Galicia no artigo 16, e deberá facerse efectivo en metálico no momento de presentar a intención de apelar.

15.6. O Colexio de Comisarios Deportivos non aceptará en ningún caso os vídeos achegados polos equipos no caso de controversia de opinións ante unha sanción imposta. As únicas filmacións que darán fe dos feitos ocorridos, serán as que aporte o Organizador da Proba coas cámaras fixas postas no circuíto. Excepcionalmente aceptaranse vídeos achegados polos equipos, cando se trate de constatar un erro material manifesto por exemplo un erro nos dorsais.

Artigo 16 ACTAS E INFORMES DA PROBA.

As actas de clasificación completas, incluíndo as mangas de adestramentos, clasificacións, finais, así como os informes dos Comisarios Técnicos, Comisarios Deportivos e Director de Carreira, deberán obrar no poder da F.G. de A., debidamente cumprimentadas, nun prazo non superior ós dous días; tamén deberán entregarse copias ó Observador da F.G.A., ó finalizala mesma.

Artigo 17 PREMIOS E TROFEOS FINAIS.

CAMPIONATO DE GALICIA DE AUTOCROSS DE ATA 1.600 C.C. (ESTRICTA SERIE), DE MENOS DE 1.600 c.c. E DE MAIS DE 1600 C.C., DE GRUPO P, CARCROSS 600 c.c., JUNIOR CARCROSS, Clase VI (Super Buggy - Buggy 1600), Clase VII (Tracción Traseira)

Campión Trofeo F.G.A.
Sub-Campión Trofeo F.G.A.

COPA DE GALICIA DE AUTOCROSS PARA ESCUDERÍAS:

Campión Trofeo F.G.A.

Artigo 18 RESUMEN DE PENALIZACIÓNS.

Infracción

Penalización

1.- Ausencia de licenzas válidas	Non autorizado a tomala saída
2.- Inscripción dun vehículo non admitido	Non autorizado a tomala saída
3.- Non presentarse ás verificacións técnicas - administrativas	Non autorizado a tomala saída
4.- Presentarse fóra dos horarios establecidos con autorización dos C.D.	100,00 €
5.- Presentarse fóra dos horarios establecidos sen autorización dos Com. Deportivos	Non autorizado a tomala saída
6.- Vehículo e/ou piloto non conforme cos regulamentos aplicables	Non autorizado a tomala saída
7.- Negarse a someterse ás verificacións técnicas	Ata a exclusión
8.- Infraccións de carácter técnico	Anulación tempo adestramentos. Exclusión Manga ou Final
9.- Colocación non regulamentaria dos números	Non autorizado a tomala saída
10.- Perda dun número de competición, impedindo a boa identificación do vehículo	A criterio dos Com. Deportivos. Ata a exclusión
11.- Non asistir ó briefing	A criterio dos Com. Deportivos.
12.- Presentación con retraso na grella de saída	Non autorizado a tomala saída
13.- Saída falsa nunha manga	30s. e ata a exclusión a criterio de Com. Dep.
14.- Fallos no funcionamento do transponder	Non saír clasificado

15.- Non realizar adestramentos Oficiais	A criterio dos Com. Deportivos.
16.- Tomar a saída nunha manga e non completar a 1ª volta	Último clasificado
17.- Comportamento antideportivo nunha manga	A criterio dos Com. Deportivos.
18.- Non entrar no parque pechado	Exclusión.
19.- Infracción ás normas do parque pechado	A criterio dos Com. Deportivos.
20.- Circular en sentido contrario ao da carreira	A criterio dos Com. Deportivos.
21.- Circular polas marxes que delimitan a pista	Ata a exclusión a criterio dos C.D.
22.- Pararse a menos de 100 metros da meta	Exclusión
23.- Repostar na grella/pregrella	Exclusión
24.- Recibir axuda externa no circuíto	Exclusión
25.- Circular a velocidade inadecuada detectada polo Xefe de Parque de Traballo, así como realizar probas en calquera parte do circuíto	Ata a exclusión a criterio dos C. D.
26.- Circular sen casco, cintos, etc.	Exclusión
27.- Infraccións ó Anexo L e H do CDI	Ata a exclusión a criterio dos C. D.
28.- Non dispoñer do extintor	A criterio dos Com. Deportivos.
29.- Provocar toques, empuxóns e/ou colisións	3 posicións según informe dos oficiais de posto, xuíces de feitos, ou do director de carreira
30.- Incumprimento das instrucións dos Oficiais	A criterio dos Com. Deportivos.
31.- Non estar conforme o peso	Adestramentos. Anulación de tempos. Final. Exclusión
32.- Mostrar dúas bandeiras de preaviso por condución antideportiva na mesma proba	3 posicións
33.- Adiantar con bandeira amarela	Exclusión da manga
34.- Calquera alteración do orden. Exemplo: Falta de respecto do equipo, familia ou acompañantes asumirán penalización o piloto	A criterio dos Comisarios Deportivos, podendo levar a á exclusión da proba e do Campionato.

Artigo 19.- PALMARÉS.

CATEGORÍA + 1.300 c.c. (98 +1.600 c.c.) (2017 DE -1600 c.c. e de +1600 c.c.)

ANO	VENCEDOR	VEHÍCULO
1984	ALVARO BLANCO	SEAT 127-903
1985	CHEMA RODRÍGUEZ	REN. 5 COPA
1986	GONZALO LAMEIRO	SEAT 127-903
1987	ALVARO BLANCO	VW GOLF GTI
1988	ROBERTO RODRÍGUEZ	VW GOLF GTI
1989	ROBERTO RODRÍGUEZ	VW GOLF GTI
1990	SANTIAGO ARES	VW GOLF GTI
1991	SANTIAGO ARES	VW GOLF GTI
1992	JAIME FERNÁNDEZ	VW GOLF GTI
1993	JAIME FERNÁNDEZ	VW GOLF GTI
1994	JAIME FERNÁNDEZ	VW GOLF GTI
1995	SANTIAGO ARES	OPEL KADET GSI
1996	JOSE MANUEL MARTINEZ	OPEL CORSA GSI 2.0
1997	JAIME FERNÁNDEZ	VW GOLF GTI
1998	JAIME FERNÁNDEZ	VW GOLF GTI
1999	JOSE MANUEL POSE	PEUGEOT 205
2000	JOSE MANUEL POSE	PEUGEOT 205
2001	SANTIAGO ARES	PEUGEOT 205 GTI
2002	MARTIN BELLO	HONDA CRX
2003	MARTIN BELLO	HONDA CRX
2004	RICARDO MARCOS	PEUGEOT 205
2005	RICARDO MARCOS	PEUGEOT 205
2006	JACINTO LISTA	PEUGEOT 2005
2007	MARTIN BELLO	CITROËN SAXO
2008	MARTIN BELLO	CITROËN SAXO
2009	SERGIO CANCELA	PEUGEOT 106
2010	CELESTINO IGLESIAS	CITROËN SAXO
2011	CELESTINO IGLESIAS	CITROËN SAXO
2012	SERGIO CANCELA	PEUGEOT 106
2013	CELESTINO IGLESIAS	CITROËN SAXO
2014	CELESTINO IGLESIAS	FORD FIESTA
2015	CELESTINO IGLESIAS	FORD FIESTA
2016	MARIO RIOS	SEAT IBIZA

REGULAMENTO XERAL CAMPIONATO DE GALICIA DE AUTOCROSS-RALLYCROSS 2024

2017	CELESTINO I. DUARTE	CITROËN SAXO
2018	JAVIER CANDAL	CITROËN SAXO
2019	CELESTINO I. DUARTE	CITROËN SAXO
2021	DANIEL CASTRO	PEUGEOT 106
2022	ALBERTO VARELA	CITROËN SAXO
2023	ANTONIO LOPEZ	PEUGEOT 306 GTI

COPA DE GALICIA DE AUTOCROSS - 1.300 c.c. (98 -1.600 c.c.) (2017 ESTRICTA SERIE)

ANO	VENCEDOR	VEHÍCULO
1986	GONZALO LAMEIRO	SEAT 127
1987	JOSE MANUEL TORRES	SEAT 127
1988	JOSE L. VALLADARES	SEAT 127/903
1989	ANTONIO MONTES	SEAT 127/903
1990	MANUEL FREIRE	FORD FIESTA
1991	JOSE VIDAL	SEAT 127
1992	JOSE ALONSO	SEAT 127
1993	MOISES RODRIGUEZ	SEAT 127
1994	ROGELIO FERNANDEZ	PEUGEOT 205
1995	SIMON MARTINEZ	VW POLO
1996	JUAN CARLOS FREIRIA	SEAT FURA 1200
1997	BENEDICTO FIGUEROA	SEAT IBIZA
1998	JUAN CARLOS FREIRIA	SEAT FURA 1600
1999	MARIANO SUAREZ	VW GOLF GTI
2001	JOSE MANUEL ESTRADA	HONDA CIVIC
2002	SERGIO CARNERO	OPEL CORSA
2003	RICARDO PARAFITA	HONDA CIVIC
2004	SERGIO CANCELA	PEUGEOT 106
2005	MANUEL SOUTO	CITROËN AX
2006	JESUS M. DUBRA	PEUGEOT 106
2007	ANGEL M. PEREZ	CITROËN SAXO
2008	MARCOS LISTA	PEUGEOT 106
2009	ANGEL M. PEREZ	CITROËN SAXO
2010	JACINTO LISTA	HONDA CIVIC
2011	ALFONSO ALVAREZ	PEUGEOT 106
2012	GABRIEL SERRANO	PEUGEOT 106
2013	GABRIEL SERRANO	PEUGEOT 106
2014	DANIEL GORIN LEMA	CITROËN AX
2015	ALBERTO VARELA	CITROËN SAXO
2016	CELESTINO IGLESIAS	CITROËN SAXO
2017	CELESTINO I. DUARTE	PEUGEOT 106
2018	IVAN MUIÑO	CITROËN SAXO
2019	ALEJANDRO MALLO	CITROËN SAXO
2021	ALVARO FREIRE	PEUGEOT 106
2022	RUBEN UZAL	PEUGEOT 106 GTI
2023	MARTÍN CASTRO	PEUGEOT 106

COPA DE GALICIA DE CAR CROSS 600 C.C.

ANO	VENCEDOR	VEHÍCULO
1997	ROBERTO RODRIGUEZ	MILTON-LA PERSIANA
1998	ROBERTO RODRIGUEZ	MILTON-LA PERSIANA
1999	JOSE PERFECTO CALVIÑO	PRM-FORD-EDELMOVIL
2000	ALEJANDRO RIVEIRO	PRM MILTON
2001	JOSE PERFECTO CALVIÑO	PRM SAN MARTIN
2002	ALEJANDRO RIVEIRO	PRM
2003	ALEJANDRO RIVEIRO	PRM
2004	IVAN ARES	SEMOG
2005	IVAN ARES	SEMOG
2006	JOAQUIN SAN MIGUEL	SEMOG
2007	IAGO CAAMAÑO	SEMOG
2008	SERGIO BELLO	SPEED CAR
2009	SERGIO BELLO	XTRM
2010	JOSE NOVO	XTRM
2011	IVAN ARES	SEMOG
2012	EDUARDO MOSQUERA	YACAR CROSS

REGULAMENTO XERAL CAMPIONATO DE GALICIA DE AUTOCROSS-RALLYCROSS 2024

2013	MAIKEL VILARIÑO	YACAR CROSS
2014	MAIKEL VILARIÑO	YACAR CROSS
2015	MAIKEL VILARIÑO	YACAR CROSS
2016	ANTON MUÍÑOS	SEMOG
2017	PABLO GARCIA	SEMOG BRAVO
2018	JOAQUIN CHAMORRO	KINCAR
2019	JOAQUIN CHAMORRO	KINCAR
2021	JAVIER RAMILO	YACAR CROSS
2022	JAVIER RAMILO	YACAR CROSS
2023	JAVIER RAMILO	YACAR CROSS

COPA DE GALICIA DE SCC - 4X4

ANO	VENCEDOR	VEHÍCULO
2014	ESTEBAN PEREZ	BMW 325
2015	PERFECTO CALVIÑO	FORD FIESTA
2016	PERFECTO CALVIÑO	FORD FIESTA
2017	ROBERTO RODRÍGUEZ	PEUGEOT 206 PROTO

COPA DE GALICIA DE CARCROSS JR

ANO	VENCEDOR	VEHÍCULO
2022	IAGO RODRÍGUEZ	SX 01 LA BASE
2023	DIEGO GARCIA	LIFE LIVE TN5